Área de
Benestar, Saúde e Deporte
Universidade Vigo

# Carreira de iniciación á Orientación (Exploracampus)

Campus Lagoas-Marcosende (Vigo)
6 de maio de 2023

## 1. DESCRICIÓN

En paralelo ao Campionato Galego Universitario de Orientación, a Área de Benestar, Saúde e Deporte desenvolve unha actividade de iniciación non competitiva para aquelas persoas que desexen iniciarse neste deporte.

## 2. PERSOAS DESTINATARIAS

Poderán participar estudantes, persoal de administración e servizos e persoal docente e investigador das Universidades de A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo. Os Servizos/Áreas de Deportes de cada unha das universidades comprobarán a pertenza das persoas inscritas ás súas comunidade universitaria. A maiores, poderán participar tamén aquelas persoas recoñecidas como familia Uvigo e comunidade alumni da Universidade de Vigo.

## 3. INSCRICIÓNS

Ata as 23:59 horas do día 27 de abril.

- USC e UDC: achegando un correo electrónico a deportes@uvigo.gal
- Participantes da Uvigo a través da web www.campusactivo.uvigo.gal

Ao remate deste prazo de inscrición, e no caso de quedar prazas libres, poderase abrir a inscrición ao público en xeral.

## 4. SEGUROS

Cada Universidade aportará os correspondentes seguros de accidentes para a cobertura dos/das deportistas representativos/as de cada unha delas.

## 5. PUNTO DE ENCONTRO E DOCUMENTACIÓN NECESARIA

A zona de concentración situarase na explanada continua á Praza Miralles, diante do acceso sur á zona comercial. As persoas participantes deberán estar ás 09:30 nese punto para asistir a unha pequena charla informativa sobre as nocións básicas do deporte de orientación e manexo do mapa e o compás.

## 6. PERCORRIDO E MODO DE REALIZACIÓN

O percorrido será de aproximadamente 2 km.

Poderá realizarse de xeito individual, por parellas ou pequenos grupos.

A saída é "con chamada" e as persoas participantes haberán de estar no punto indicado 3 minutos antes da hora asignada.

O mapa entregarase na saída e o percorrido será realizado na orde indicada no mesmo.

## 7. MAPA

Área de
Benestar, Saúde e Deporte
Universidade Vigo

Empregarase o mapa do Campus a escala 1:7500 con equidistancia de 5m, realizado por Javier Arufe e Natalia Pedre (2011) e actualizado por Maikel Rodríguez (2023).

8. CLASIFICACIÓNS

Non se establecerá clasificación algunha nesta proba de iniciación

9. PREMIOS

Non se entregarán premios nesta proba de iniciación.

10. OUTRA INFORMACIÓN DE INTERESE

-Documentación necesaria: orixinais do DNI, pasaporte ou carné de conducir.
-Non son necesarios coñecementos nin experiencia previa.
-A organización proporcionaralle ás persoas participantes mapa, compás, pinza electrónica ou manual e avituallamento ao rematar a proba.
- Recoméndase que os/as nenos/as menores de 12 anos fagan o percorrido acompañados dunha persoa adulta.

11. PLANO DE LOCALIZACIÓN

